

INFORME DE TRADUCIÓN AO GALEGO DO NAVEGADOR FIREFOX 3.6

MARZO 2010

Oficina de Software Libre da USC

www.usc.es/osl

osl@usc.es

LICENZA DO DOCUMENTO

Este documento pode empregarse, modificarse e redistribuírse baixo dos termos de unha das seguintes licenzas, a escoller:

GNU Free Documentation License 1.3

Copyright (C) 2009 Oficina de Software Libre da USC.

Garántese o permiso para copiar, distribuír e/ou modificar este documento baixo dos termos da GNU Free Documentation License versión 1.3 ou, baixo o seu criterio, calquera versión posterior publicada pola Free Software Foundation; sen seccións invariantes, sen textos de portada e sen textos de contraportada.



Pode achar o texto íntegro da licenza en:
<http://www.gnu.org/copyleft/fdl.html>

Creative Commons Atribución - Compartirlgual 3.0


Copyright (C) 2009 Oficina de Software Libre da USC.

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír e comunicar publicamente a obra
- Facer obras derivadas

Baixo das condicións seguintes:

- Recoñecemento. Debe recoñecer os créditos da obra do xeito especificado polo autor ou polo licenciador (pero non de xeito que suxira que ten o seu apoio ou apoian o uso que fan da súa obra.
- Compartir baixo a mesma licenza.. Se transforma ou modifica esta obra para crear unha obra derivada, só pode distribuír a obra resultante baixo a mesma licenza, unha similar ou unha compatíbel.



Pode achar o texto íntegro da licenza en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/deed.gl>

TÁBOA DE CONTIDOS

<u>Licenza do documento</u>	2
<u>Introdución</u>	4
<u>Proceso de revisión</u>	5
<u>Metodoloxía</u>	5
<u>Criterio terminolóxico e estilístico</u>	6
<u>Termos aplicados</u>	6
<u>Estilo aplicado</u>	8
<u>Outros erros</u>	9
<u>Cifras</u>	11
<u>Conclusións</u>	11

INTRODUCCIÓN

No presente documento resúmese o proceso de revisión completo (só do ficheiro Firefox3.6) aínda que non exhaustivo do navegador Firefox versión 3.6 que irá incluído como navegador predefinido na nova versión de Ubuntu 10.04, co nome en clave Lucid Lynx, a finais do mes de Abril de 2010.

Esta nova versión de Ubuntu é unha versión estábel no tempo e con mantemento de longa duración coñecida como LTS (Long Term Service). A cal ten unha serie de características que lles permite ás empresas ou as institucións que precisan dun contorno eficaz, probado e robusto decidirse pola súa implantación.

Dentro do compromiso que a USC ten co galego e que a distribución de GNU/Linux que a OSL está adaptando ás súas necesidades se basea en Ubuntu, decidiuse revisar a tradución que incorporará esta última na súa próxima versión para implantar nas aulas.

Co proceso de revisión a OSL pretendeu uniformar, homoxeneizar e fixar as últimas escollas da comunidade para obter unha maior integración coas traducións do contorno de escritorio GNOME e do sistema operante Ubuntu que forman a base da distribución da USC.

PROCESO DE REVISIÓN

A revisión que a OSL decidiu realizar ía ser un trámite para comprobar o estado da tradución por parte da comunidade agora que depende en exclusiva dela e non existe un ente que supervise e coordine a tradución. A diferenza da revisión da tradución do contorno GNOME na que a comunidade estaba ao tanto (ou polo menos os seus integrantes), nesta ocasión o proceso era interno para a OSL e na busca de integración coa Ubuntu-USC.

O que comezou como unha comprobación do seu estado, debido ás inconsistencias detectadas entre algunhas traducións e a que non seguía as convencións acordadas pola comunidade e Mancomún, desembocou nun proceso de revisión coa modificación de dita tradución.

METODOLOXÍA

As cadeas do proxecto revisáronse completamente mediante 3 pasos:

1. Corrección terminolóxica e estilística automatizada: a OSL desenvolveu unha pequena ferramenta que detectara os erros típicos, e que foi detectando ao longo do seu traballo, para logo levar a cabo o seu arranxo.
2. Corrección integral: sen dúbida a máis intensa pois supuxo a revisión liña por liña das preto de 6000 cadeas.

3. Corrección ortográfica automatizada: mediante o uso de correctores ortográficos do galego libres e presentes en todas as distribucións de GNU/Linux.

CRITERIO TERMINOLÓXICO E ESTILÍSTICO

O criterio terminolóxico e estilístico veu definido pola guía que Mancomún publicou¹ en aras de uniformizar a localización e que serve de guía de localización para toda a comunidade galega de software libre.

Un inconveniente que se presenta nestes momentos é a existencia de dúas correntes na comunidade de tradución, por un lado Trasno e por outro G11N co que desde os últimos consensos acordados cando Mancomún coordinaba, ou se escollen as eleccións que había ata agora ou se hai que decantar polas eleccións que estes grupos están a realizar.

Por iso, aínda que é complexo de realizar unha revisión deste tipo, a OSL está convencida de que ten que homoxeneizar e integrar as traducións que leve a Ubuntu-USC.

TERMOS APLICADOS

A terminoloxía seguida e aplicada nesta revisión. Os seguintes termos foron traducidos de forma sistemática para adaptarse aos novos consensos ou cumprir os que xa había.

- About --> Sobre
- Application --> Aplicativo

¹ Manual de localización de Software - https://forxa.mancomun.org/frs/?group_id=207

- Window --> Xanela
- Valid | Invalid --> Correcto | Incorrecto
- Paste --> Pegar
- Default --> Predefinido
- Plugins --> Engadidos
- Add-ons --> Complementos
- Copyright --> Dereitos de autor

Con respecto aos seguintes termos, buscouse a homoxeneidade nas cadeas nas que aparecían, xa que presentaban diferentes traducións dunha cadea a outra, cando en principio parece que se pode elixir sempre unha tradución única para o mesmo concepto.

- Reset --> Restabelecer
- Restart --> Reiniciar
- Restore --> Restaurar
- Pause --> Pausa
- Reload --> Recargar

Cos seguintes termos aínda non hai consenso, pero para conseguir unha homoxeneidade co resto, a OSL tomouse a licenza de fixar a seguinte tradución, aínda que non sería moi custoso realizar o cambio ao concepto que a comunidade fixe no seu momento. Era mellor fixar unha tradución a que aparecera con diferentes acepcións en cada cadea ao longo do aplicativo.

- Stop --> Deter
- Switch --> Trocar
- Mute | Unmute --> Enmudecer | Desenmudecer
- Delete --> Borrar
- Remove --> Eliminar

Corrixíronse os seguintes termos xa que as traducións que presentaban non eran correctas, non se integraban cos outros proxectos ou diferían dunha cadea a outra.

- Partners --> Socios
- Card --> Tarxeta
- Token --> Token
- Browser --> Navegador
- Proxy server --> Servidor proxy
- Move Up --> Subir
- Move Down --> Baixar

ESTILO APLICADO

Con respecto ao estilo seguido na revisión da tradución aplicáronse os criterios estilísticos que se están a seguir en GNOME e sobre todo buscouse a homoxeneidade na tradución das diferentes cadeas que compartían o mesmo tipo de construción sintáctica.

Cabe destacar os seguintes cambios:

- cannot | can not | can't | de “*non se pode*” a “non é posíbel”
- couldnot | could not | couldn't | de “*non se puido*” a “non foi posíbel”
- Os erros, fallos e problemas non ocorren, non se encontran, nin os hai ou houbo --> os erros, fallos e problemas prodúcense. Entón as seguintes construcións:
 - Error + xerundio ... -- Erro ao ... --> Produciuse un erro ao ...
 - Failed to + verbo ... -- Erro ao ... ou Fallo ao ... --> Produciuse un fallo ao ...
 - ... + failed (sendo título de xanela) --> Fallo na/o + ...
 - There was a problem + xerundio -- Houbo un problema ao + infinitivo --> Produciuse un problema ao + infinitivo
 - Xerundio failed when xerundio - Erro de + sustantivo + ao + infinitivo --> Produciuse un fallo na/o + sustantivo + ao + infinitivo
 - ... + failure - Erro + ... --> Produciuse un fallo + ...
 - Problem loading (xerundio) + ... -- Problema ao cargar + ... -->

Produciuse un problema ao cargar + ...

- Failed to + infinitivo - Imposíbel + infinitivo ou Fallo ao + infinitivo --> Produciuse un fallo ao + infinitivo
- Uniformación de “amosar” a “mostrar”, sendo ambas correctas.
- Cambio de “dende” a “desde”, por representar a opción máis formal sendo os dous válidos.
- Cambio da terminación ble a bel (exemplo: posible a posíbel)
- Find traducido sempre como encontrar ou buscar (nada de localizar, esta acepción quedou reservada para locate)
- ... + has been + installed (verbo en pasado) - Foi instalado + ... --> Instalouse + ...
- Change traducido por mudar. Cambiouse de mudar a cambiar.
- ... + not found -- ... + non encontrado --> Non se encontrou + ...
- Check traducido como comprobar ou verificar, cambiado a comprobar salvo nos casos nos que significa buscar.
- Enter traducido como introducir, cambiado a inserir por gusto persoal e maior integración con GNOME, salvo no caso de que se refira ao nome da tecla.

OUTROS ERROS

Na tradución encontráronse algúns erros dignos de resaltar para que non se volvan a repetir nas sucesivas traducións do navegador Firefox e noutros proxectos:

- licenzamento - licenciamento

Aínda que licenza é correcta, os seus derivados correctos son licenciamento e non licenzamento. Igual para o caso de licenciarios e non licenzarios.

- locale -- idioma --> locale

No contexto do aplicativo este concepto non se traduce, xa que ten significado propio de por si e moito máis amplo que o idioma, afecta

tamén a moeda e outras características.

- Show in Finder -- Mostrar no localizador --> Mostrar no Finder
O Finder é o explorador do MAC OS X, co que nese contexto non se traduce.

Traducións coas que non se estaba de acordo ou que había que uniformizar xa que a mesma cadea presentaba dúas traducións diferentes:

- success -- pronto --> con éxito
- The printer not ready -- A impresora non está pronta --> a impresora non está preparada
- Grayscale -- escala de cincentos --> escala de grises
- comprehensive -- suficiencia --> exhaustivo
- Unbalanced curly brace -- Chave descentrada --> Chave desemparellada
- Redirect Loop -- Redireccionar lazo --> Bucle de redirección
- Learn more -- Saber máis - Máis información --> Obteña máis información
- Open Containing Folder --> Abrir o cartafol correspondente --> Abrir directorio contedor --> Abrir o cartafol contedor
- Print Preview -- Previsualización -- Previsualizar --> Previsualización da impresión
- Manage Themes... -- Xerir Temas... --> Xestionar temas
- visit count -- contía de visitas --> conta de visitas
- New Folder -- Engadir cartafol --> Cartafol novo
- Bookmarks Toolbar -- Barra de marcadores -- Barra de ferramentas dos marcadores --> Barra de marcadores
- Launch application -- Iniciar aplicación -- Executar a aplicación -- Lanzar o aplicativo --> Iniciar aplicativo
- Search Bookmarks -- Buscar marcadores -- Buscar nos marcadores --> Buscar nos marcadores
- Clear Now -- Eliminar agora -- Limpar agora --> Limpar agora

- Never for This Site -- Nunca para este sitio -- Nunca neste sitio --> Nunca deste sitio
- Get me out of here! -- Saír de aquí -- Sáqueme de aquí! --> Sáqueme de aquí!

Tamén se encontraron outros erros menores como poden ser palabras que debían ir en maiúsculas e que estaban en minúsculas, faltaban caracteres de escape (por exemplo: '%1\$S' -- %1\$S --> '%1\$S') ou comillas (por exemplo: \"%1\$S\" -- %1\$S --> \"%1\$S\") da cadea fonte a traducida e erros ortográficos.

CIFRAS

O proxecto en si ten cerca das 6.000 cadeas e pola visibilidade que existe do mesmo, a OSL considerou que aínda que non podía realizar unha revisión exhaustiva do mesmo debería buscar uns mínimos para a súa integración co resto de proxectos que forman a Ubuntu-USC.

O gráfico da dereita mostra a porcentaxe de cadeas que foron modificadas. Aproximadamente o 15% das cadeas desta versión do navegador Firefox modificáronse no proceso de revisión.



É moi complexo facer unha cuantificación exacta das cadeas que se viron afectadas e a cifra o único que intenta é mostrar o traballo realizado e cuantificar o rápido que as sucesivas traducións das versións

dun mesmo produto poden perder calidade e homoxeneidade, xa ben sexa con respecto a criterios terminolóxicos, estilísticos ou de integración co resto das traducións doutros proxectos libres.

CONCLUSIÓNS

En liñas xerais a tradución do navegador Firefox presentaba un nivel alto, ao herdar o traballo realizado das versións anteriores que foron realizadas na súa maior parte e revisadas polo lingüista que Mancomún tiña contratado para esta labor.

Pero desde a última versión ata esta, engadíronse moitas cadeas e outras cambiaron, co que a nova tradución precisaba como mínimo dunha revisión para a súa integración na Ubuntu-USC e se a comunidade o acepta, pasará a formar parte tamén da versión de Ubuntu e quen sabe se da tradución oficial do proxecto Firefox.